

## DOMINGO 21 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Is 22, 19-23

**Porei a chave da casa de David sobre o seu ombreiro**

### PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Dille o Señor a Sobne responsable do templo:  
Chimpareite do teu posto encumiado,  
botareite abaixo do teu pedestal.  
Sucederá no día aquel, que chamarei ao meu servo, Eliaquim, fillo de Hilquías.  
Farei que vista a túa túnica, e fortalecereino co teu cinguidor  
e porei na súa man o teu posto de mando:  
será un pai para os habitantes de Xerusalén e para a casa de Xudá.  
Porei a chave da casa de David sobre o seu ombreiro:  
abrirá, e non haberá quen feche; e fechará, e non haberá quen abra.  
Cravarei a caravilla da súa tenda nun lugar seguro,  
e será trono de gloria para a casa de seu pai.

SALMO RESPONSORIAL Sal 137, 1-2a. 2bc-3. 6 e 8bc

**R/ (8bc): O teu amor, Señor, é eterno; non abandones as obras das túas mans.**

Douche as grazas, Señor, de todo corazón,  
cántoche diante dos anxos;  
próstrome cara ao teu templo  
e bendigo o teu nome,  
polo teu amor e a túa fidelidade.

Mesmo máis grande que túa sona  
fixeches a túa promesa.  
Cando te chamo, ti respóndesme  
e acrescentas as miñas forzas.

Abofé, o Señor é excelso:  
pon a súa atención nos humildes  
e coñece os soberbios desde lonxe.  
O teu amor, Señor, é eterno;  
non abandones as obras das túas mans.

SEGUNDA Rm 11, 33-36

**Del, por el e para el se fan todas as cousas**

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA  
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

¡Que fondos son a riqueza, a sabedoría e o coñecemento de Deus! ¡Que inescrutables son os seus xuízos e inexplorables os seus camiños! Pois quen coñeceu a mente do Señor? Ou quen foi o seu conselleiro? Quen lle emprestou algo, para que El llo teña que devolver? Del saíron, por El e para El existen todas as cousas. A El a gloria polos séculos. Amén.

ALELUIA Mt 16,18:

Ti es Pedro, e sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa,  
e as forzas do inferno non prevalecerán contra ela

**DOMINGO 21 ORDINARIO CICLO A**

EVANXEO Mt 16, 13-20

**Ti es Pedro e a ti che darei as chaves do reino dos ceos**

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO**

Daquela, cando chegou á comarca de Cesarea de Filipo preguntoulles Xesús aos seus discípulos:

- Quen di a xente que é o Fillo do Home?

Eles responderon:

- Uns, que Xoán Bautista; outros, que Elías; outros, que Xeremías ou algún dos profetas.

Insistiu:

- E vós, quen dicides que son?

Respondeu Simón Pedro:

- Ti es o Mesías, o Fillo do Deus vivo.

E Xesús contestoulle:

- Ditoso ti, Simón, fillo de Xonás; porque iso non cho revelou ninguén de carne e sangue, senón meu Pai que está no ceo. E eu asegúroche que ti es Pedro, a pedra; e sobre esta pedra vou edificar a miña Igrexa; e as portas do Inferno non prevalecerán en contra dela. Dareiche as chaves do Reino dos Ceos: todo o que ates na terra, ficará atado nos ceos; e todo o que desates na terra, ficará desatado nos ceos.

E mandoulles ós discípulos que non dixesen nada de que el era o Mesías.